Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA DO CONSELLO SOCIAL DO 08.05.2023

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, Campus de Vigo
DATA: 08.05.2023
HORA DE COMEZO: 10:40 h.
HORA DE REMATE: 11:50 h.

LISTA DE ASISTENTES

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)
Lesmes Romero, Yolanda
Fernández Zunzunegui, Emilio
Graña Nogueiras, Jesús
Macho Senra, Antonio
Martiño Gómez, Antonio
Sánchez Gándara, Rosa María

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

O luns, día 8 de maio de 2023, ás 10:40 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da ordedo día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.02.2023).
2. Informe do presidente.
3. Incorporación de remanente para sufragar gastos financiables con cargo á partida de I+D+i do plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2024/2026.
4. Rectificación da partida correspondente á subvención concedida por INEGA para os proxectos de eficiencia enerxética. Incorporación de dous novos remanentes. Acordos que procedan.
5. Aprobación, se procede, da revisión de tarifas dos Centros de apoio á investigación.
6. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en marzo de 2023.
7. Rogos e preguntas.

O presidente agradécelle a presenza aos asistentes, e de xeito expreso ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez que asiste como invitado.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27.02.2023).

Subliña o secretario que Antonio Martiño non estivo presente na anterior reunión por causa xustificada, e así será recollido na acta.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Juan Manuel Vieites reflexiona sobre os principios de rigor e dispoñibilidade nos que se debe mover a actividade da Comisión, tendo sempre como obxectivo ofrecer ao Pleno información suficiente e clarificadora sobre os asuntos que son propios da súa competencia.

PUNTO 3

Incorporación de remanente para sufragar gastos financiables con cargo á partida de I+D+i do plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2024/2026.

Introduce este punto o presidente, e dá paso á xerente quen informa que a incorporación de remanente solicitada ten a súa orixe en que se está a tramitar un convenio coa Xunta de Galicia para os anos 2023 e 2024, e que é necesario que se xere o crédito nas aplicación orzamentarias necesarias, para comezar as actividades e acción previstas e poder facer fronte e xustificar os gastos correspondentes, anticipando que o financiamento para este ano será de 1.500.000 € con fondos propios da Xunta.

Yolanda Lesmes explica que o procedemento que se expón iniciouse cunha carta do secretario xeral de Universidades, na que manifesta o compromiso, e á que da lectura. Engade que o convenio firmarase máis adiante, e reitera que é preciso solicitar xa a incorporación do remanente porque algunhas actividade e accións inmediatas non se poderían desenvolver se non hai partidas dispoñibles e dotadas.

Jesús Graña manifesta que, ante a urxencia coa que se require a aprobación do Consello Social, sería preciso dispoñer dun documento de compromiso, un convenio formal que neste caso non existe, no que se recollerían as condicións do acordo. Entende que a carta é insuficiente e que puidera existir un posible incumprimento legal. Lembra, así mesmo, que a Xerencia ten pendente de remitir á comisión un informe sobre a evolución dos remanentes.

Antonio Macho é partidario de conciliar a necesidade dun convenio e a urxencia optando por unha aprobación condicionada, no mesmo senso no que se pronuncia Antonio Martiño. Emilio Zunzunegui pregunta se a situación estase a dar tamén nas outras universidades galegas. Resposta a xerente que o compromiso é a carta, que as outras universidades galegas teñen xa partidas abertas e que o posible risco estaría controlado porque a UVigo non tería que endebedarse para adiantar o diñeiro. Esta argumentación dá pé a Rosa S. Gándara para declararse a favor da aprobación porque ademais tratase de actividades que se poden perder e a carta parécelle suficiente garantía.

O presidente solicita información periódica da Xerencia sobre os remanentes. Intervén o secretario para engadir que a obriga da Xerencia de remitir información periódica ao Consello Social, sobre os remanentes e outras operacións, está recollida e especificada nas Normas de execución do orzamento.

Finalmente, Juan M. Vieites propón que se aprobe este punto, co compromiso de que tan pronto sexa posible remitiránselle á Comisión, o convenio e os documentos oportunos.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 4

Rectificación da partida correspondente á subvención concedida por INEGA para os proxectos de eficiencia enerxética. Incorporación de dous novos remanentes. Acordos que procedan.

Informa a xerente a operativa realizada que require a subsanación, e a obriga de adecuala de forma que garanta a trazabilidade da fonte de financiación de forma axeitada.

Neste mesmo punto trátase sobre a aprobación e dotación de dous novos proxectos de eficiencia enerxética aprobados polo INEGA, por importe de 59.625 € e 28.705 €.

- *A Comisión dá a súa aprobación.*

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da revisión de tarifas dos Centros de apoio á investigación.

O presidente abre este punto para dar paso á xerente e ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, quen argumentan as razón que levan a propoñer o incremento xeneralizado das tarifas dun 20%, e superior nalgúns casos de servizos consonte se detalla na documentación que se achega. O obxectivo é garantir uns servizos de alto nivel e sostibles económicamente ao longo do tempo. Míguez Tabarés engade que de aplicarse as tarifas actuais entraríase en perdas.

Abre unha rolda de intervencións Jesús Graña sinalando que todas as tarifas apróbanse nos orzamentos, e que non se deberían aprobar outras diferentes salvo que se interveña nos orzamentos, e se faga unha reforma para a que se deberá reiniciar todo o proceso de aprobación orzamentaria. Cuestiona a posible ilegalidade da proposta, polo que sostén que se deberá facer cando se trate sobre o novo orzamento da UVigo, e suxire que se use o fondo de continxencia dado o escaso volume económico do posible desfase.

Yolanda Lesmes e José Luis Míguez conveñen en que o fondo de continxencia non é a ferramenta axeitada para este caso, e a xerente afirma que se está presentando unha proposta detallada dos prezos, tal e como se pediu na anterior reunión da Comisión. Comprométese, así mesmo, a traer á próxima reunión da Comisión os informes requiridos e expresamente os requiridos nesta sesión e nas Normas de execución. Os asistentes intercambian opinións, consultas e puntos de vista nos que destacan a referencia de Antonio Macho á competencia desleal que se está a dar con estos servizos fronte os profesionais externos á UVigo, e o pronunciamento claro de Rosa S. Gándara respecto a apoiar a aprobación proposta, sen que se advirtan posicións abertamente contrarias.

O presidente conclúe que as tarifas non deben ser deficitarias e pide flexibilidade para aprobar este punto, de xeito excepcional, subliñando que no sucesivo a Comisión non aceptará propostas que non se axusten claramente á legalidade, de acordo ao aprobado nos orzamentos e sen posibilidade de cambios posteriores.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 6

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en marzo de 2023.

- *A Comisión dáse por informada.*

PUNTO 7

Rogos e preguntas

Pide a palabra Rosa S. Gándara para comunicar que en breve produciranse eleccións na CEO, polo que ante a dubida de se continuará como representante da organización no Consello Social, quere deixar constancia da excelente acollida e a oportunidade de traballar a prol da universidade e a sociedade durante a súa estadía, "con gran satisfacción". O presidente agradécelle o esforzo e o traballo feito, na confianza de que "continuará con esta labor".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:50 horas do 8 de maio de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias